

GUÍA PARA AS FAMILIAS

O PASO A SECUNDARIA




DEPARTAMENTO DE
ORIENTACIÓN



CONTIDOS DO CADERNO:

1. Obxectivos e fins da ESO
2. Calendario escolar 2024-25
3. Horario escolar IES ÁNXEL FOLE: horario de entradas e saídas
4. Organización por cursos: esquema das materias a impartir
5. 2ª Lingua estranxeira: Francés
6. EDIXGAL: libros dixitais de 1º a 4º da ESO
7. Sección bilingüe: Materia de Tecnoloxía e Dixitalización
8. Contidos que se traballan na hora de tutoría
9. As competencias básicas en ESO: Consello Orientador en 2º e 4º da ESO
10. Hora de tutoría para as familias
11. Que se pode estudar despois da ESO
12. Como se promociona de curso: criterios de promoción
13. Como se titula na ESO
14. Medidas de atención á diversidade no IES ÁNXEL FOLE
15. Derivación en 2º da ESO á FPBÁSICA
16. Uso da cafetería do centro e dos servizos polo alumnado
17. Servizos de taquilla nas aulas de 1º da ESO
18. Prohibición do uso de teléfonos móbiles
19. Orientacións para cursar a ESO con éxito

ESTRUTURA DO SISTEMA EDUCATIVO ESPAÑOL



1. OBXECTIVOS E FINS DA ESO

A ESO (Educación Secundaria Obrigatoria) é unha nova etapa educativa que da continuidade á Educación Primaria e que se cursa dende os 12 ata os 16 anos.

A **finalidade da ESO** consiste en que os alumnos/as adquiran os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico e científico-tecnolóxico así como consolidar hábitos de estudo e de traballo que os forme para o exercicio dos seus dereitos e obrigas como futuros cidadás e cidadáns preparándoos/as para os estudos superiores ou para a súa incorporación ao mundo laboral.

Esta etapa é obrigatoria, comprende catro cursos e organízase en materias obrigatorias e optativas.

1º curso de ESO
2º curso de ESO
3º curso de ESO
4º curso de ESO



2. CALENDARIO ESCOLAR CURSO 2024-25

Mes	Día	Actividade
Setembro	11	Comezo de curso 24-25
Outubro	4	Día de San Froilán
Outubro	12	Día da Festa Nacional de España
Outubro	31	Día do Ensino
Novembro	1	Día de Todos os Santos.
Decembro	6	Día da Constitución Española.
	8	Día da Inmaculada Concepción.
	23, 24, 25, 26, 27, 30, 31	Vacacións de Nadal.
Xaneiro	1, 2, 3, 6, 7	
Marzo	3, 4, 5	Vacacións de Entroido.
Abril	14 de abril ata o 21 de abril	Vacacións de Semana Santa.
Maio	1	Día do traballador
Maio	17	Día das Letras Galegas
Xuño	20	Remate das clases educación secundaria obrigatoria e bacharelato
Xuño	A partir do 21	Avaliacións finais ESO

3. HORARIO DO IES ÁNXEL FOLE



Horario de xornada única: terás un total de 32 sesións semanais de 50 minutos distribuídas en cinco mañáns.

	LUNS	MARTES		MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:30-9:20			9:00-9:50			
9:20-10:10			9:50-10:40			
10:10-11:00			10:40-11:30			
11:00-11:50			11:30-12:00	RECREO	RECREO	RECREO
11:50-12:20	RECREO	RECREO	12:00-12:50			
12:20-13:10			12:50-13:40			
13:10-14:00			13:40-14:30			
14:00-14:50						

4. ORGANIZACIÓN DE MATERIAS POR CURSOS

En cada curso da ESO hai un conxunto de materias chamadas *materias obrigatorias*, pero só a partir de 3º de ESO cursarás algunha *materia optativa* a escoller libremente.

En 1º de ESO terás 10 materias, e cada unha delas será impartida por un profesor/a diferente. As novas materias que estudarás obrigatoriamente na ESO son as seguintes:

- ✓ Segunda lingua estranxeira en 1º e 2º de ESO (Francés)
- ✓ Xeografía e Historia en 1º, 2º, 3º, 4º de ESO
- ✓ Tecnoloxía e dixitalización en 1º e 2º de ESO
- ✓ Educación Plástica, Visual e audiovisual en 1º e 3º de ESO
- ✓ Educación en Valores en 3º ESO
- ✓ Bioloxía e Xeoloxía en 1º e 3º de ESO
- ✓ Música en 2º e 3º de ESO
- ✓ Física e Química en 2º e 3º de ESO
- ✓ Relixión ou Proxecto Competencial en todos os cursos
- ✓ Educación Física en todos os cursos da ESO e en 1º de Bach.

En cada curso de ESO deberás escoller entre Relixión ou Proxecto Competencial, e poderás cambiar esta opción cada ano, se o desexas. **Proxecto Competencial** é a materia

optativa a Relixión e trabállase a través da realización de proxectos e de traballos grupais sobre temas como a concienciación sobre o cambio climático, a sustentabilidade e o consumo responsable, hábitos saudables, etc.... **reforzando a** reflexión e a responsabilidade persoal. A materia será deseñada polo departamento didáctico que teña atribuída esta materia cada curso a través dun traballo monográfico individual ou dun proxecto de grupo-clase.

A CONTINUACIÓN PODES VER COMO SE ORGANIZA 1º, 2º E 3º DE ESO:

1º ESO	2º ESO	3º ESO
<p><i>MATERIAS OBRIGATORIAS</i></p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Bioloxía e Xeoloxía (3h) ▪ Matemáticas (4) ▪ Xeografía e Historia (3h) ▪ Lingua Castelá e Literatura (3h) ▪ Lingua Galega e Literatura (3h) ▪ Lingua Estranxeira (3h) ▪ Educación Física (2h) ▪ Educación Plástica, Visual e Audiovisual (2h) ▪ Segunda lingua estranxeira (2h) ▪ Tecnoloxía e dixitalización (3h) ▪ Tutoría (1h) ▪ Libre disposición do centro (2h) <p><i>ELIXIR UNHA</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Relixión (1h) <input type="checkbox"/> Proxecto Competencial (1h) 	<p><i>MATERIAS OBRIGATORIAS</i></p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Física e química (3h) ▪ Matemáticas (4) ▪ Xeografía e Historia (3h) ▪ Lingua Castelá e Literatura (3h) ▪ Lingua Galega e Literatura (3h) ▪ Lingua Estranxeira (3h) ▪ Educación Física (2h) ▪ Segunda lingua estranxeira (2h) ▪ Música (2h) ▪ Tecnoloxía e dixitalización (3h) ▪ Tutoría (1h) ▪ Libre disposición do centro (2h) <p><i>ELIXIR UNHA</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Relixión (1h) <input type="checkbox"/> Proxecto Competencial (1h) 	<p><i>MATERIAS OBRIGATORIAS</i></p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Bioloxía e Xeoloxía (2h) ▪ Física e Química (2h) ▪ Matemáticas (4) ▪ Xeografía e Historia (3h) ▪ Lingua Castelá e Literatura (3h) ▪ Lingua Galega e Literatura (3h) ▪ Lingua Estranxeira (3h) ▪ Educación Física (2h) ▪ Música (2h) ▪ Educación Plástica, Visual e Audiovisual (2h) ▪ Educación en Valores, Cívicos e Éticos (1h) ▪ Tutoría (1h) <p><i>ELIXIR UNHA MATERIA OPTATIVA</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Segunda Lingua Estranxeira (3h) <input type="checkbox"/> Cultura Clásica (3h) <input type="checkbox"/> Educación Dixital (3h) <input type="checkbox"/> Oratoria (3h) <p><i>ELIXIR UNHA</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Relixión (1h) <input type="checkbox"/> Proxecto Competencial (1h)

MIRA NA SEGUINTE PÁXINA AS MATERIAS DE 4º DA ESO

EN 4º DE ESO DEBERÁS ESCOLLER ENTRE MATEMÁTICAS A E MATEMÁTICAS B E TRES MATERIAS DE OPCIÓN E 1 OPTATIVA:

MATEMÁTICAS A
(orientadas cara unha FP)



MATEMÁTICAS B
(orientadas cara o BACH)

4º ESO

MATERIAS OBRIGATORIAS

- Xeografía e Historia (3h)
- Lingua Castelá e Literatura (3h)
- Lingua Galega e Literatura (3h)
- Matemáticas A ou B (4h)
- Lingua Estranxeira (3h)
- Educación Física (2h)
- Tutoría (1h)

ELIXIR TRES MATERIAS DE OPCIÓN

- Bioloxía e Xeoloxía (3h)
- Física e Química (3h)
- Dixitalización (3h)
- Latín (3h)
- Música (3h)
- Economía e Emprendemento (3h)
- Formación e Orientación Persoal e Profesional (3h)
- Tecnoloxía (3h)
- Expresión Artística (3h)
- Segunda Lingua Estranxeira (3h)

ELIXIR UNHA MATERIA OPTATIVA

- Cultura Clásica (3h) se non foi cursada en 3º
- Filosofía (3h)
- Oratoria (3h) se non foi cursada en 3º
- Unha materia de opción non cursada do bloque anterior (3h)

ELIXIR UNHA

- Relixión (1h)
- Proxecto Competencial (1h)

5. CURSARÁS UNHA 2ª LINGUA ESTRANXEIRA EN 1º E 2º DA ESO

FRANCÉS

En 1º e 2º da ESO estudarás unha segunda lingua estranxeira que no noso IES é Francés. Poderás estar exento de cursala se o teu titor ou titora de 6º de E.P considera que tes dificultades nas materias das linguas (lingua castelá, lingua galega e inglés) e que cursar outra lingua estranxeira -a maiores- pode incrementar as túas dificultades no curso, polo que en vez de cursar Francés asistirás a 2 sesións de reforzo (1 en matemáticas e outra en Lingua Castelá)

6. EDIXGAL: LIBROS DIXITAIS DE 1º A 4º DA ESO



Continuación en Secundaria do programa Edixgal. O centro conta co proxecto EDIXGAL, polo que todo o alumnado de toda a ESO ten á súa disposición un portátil. Para a utilización do mesmo é preciso unha conformidade por parte das persoas responsables do alumnado mediante un documento de cesión facilitado a través das persoas titoras. Deberá ter coidado del para non deterioralo ou perdelo so pena de facerse cargo da súa reposición ou arranxo as súas persoas responsables.

7. MATERIA BILINGÜE:

A partir de 1º de ESO poderás (non é obrigatorio) incorporarte á sección bilingüe. Significa que unha materia, neste caso **Tecnoloxía e Dixitalización**, se imparte e se estuda completamente en inglés. A solicitude haberá que realizala no momento da matrícula e a túa incorporación ao grupo dependerá se hai moita demanda da nota media que teñas en inglés.

1º /2º ESO
TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN

Sección
Bilingüe

8. CONTIDOS QUE SE TRABALLAN NA HORA DE TITORÍA LECTIVA:



Traballaranse co titor/a na hora de titoría lectiva semanal, aspectos como a orientación académica e vocacional, intelixencia e benestar emocional, educación en valores, hábitos saudables, técnicas de estudo, convivencia positiva, respecto mutuo e cooperación entre iguais, resolución pacífica de conflitos (rexeitamento de calquera tipo de violencia), charlas do Plan Director da Garda Civil, Obradoiros da Cruz Vermella, PreviLugo, etc.

9. AS COMPETENCIAS BÁSICAS REFLECTIRANSE NO CONSELLO ORIENTADOR QUE SE DARÁ CO BOLETÍN DE NOTAS EN 2º E 4º DA ESO:

En secundaria, a través das materias, acadarás unhas competencias básicas a finais de cada un dos cursos que se verterán en 2º e 4º da ESO nun Consello Orientador, documento que acompañará ao boletín de notas, e que servirá para indicar á túa familia o grao de consecución das seguintes competencias.



- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

10. A FIGURA DO TITOR/A EN SECUNDARIA:



Cada grupo na Educación Secundaria Obrigatoria ten asignado un profesor titor/a que ten as seguintes funcións:

- Servir de canle de comunicación entre o centro educativo e as familias.
- Guiar e orientar aos alumnos nas opción académicas e profesionais máis acordes coas súas capacidades e intereses co asesoramento da Orientadora do centro.
- Informar ás familias do desenvolvemento socioeducativo do alumno/a no centro.

O profesor titor/a, é un dos profesores que che imparten algunha das materias, e ten unha hora de reunión semanal co teu grupo-clase para realizar o seguimento das dinámicas que se dan na vosa aula e para abordar tamén os contidos transversais do currículo como son o valor da empatía e o respecto, o desenvolvemento da escoita activa e das habilidades sociais, a importancia das técnicas de estudo, o control a ira e da frustración, a orientación académica e vocacional, etc..

O titor/a ten asignada unha hora semanal para as titorías coas familias pero tamén en Secundaria os teus pais poden pedir unha titoría de xeito individualizado a cada profesor/a que imparte materias nese grupo-clase para saber do teu desenvolvemento nunha materia en particular.

O teu titor/a aínda que cambiará en cada curso, será a persoa que mellor te coñeza e a quen debes acudir cando precises algún tipo de axuda ou información. Ao chegar ao Instituto, o teu titor/a xunto coa orientadora do centro axudaranche a resolver todas as dúbidas que teñas, e serán os teus guías para integrarte e adaptarte ao novo centro.

11. QUE SE PODE ESTUDAR DESPOIS DA ESO:



Cando consigas o teu título de ESO poderás seguir estudando diferentes tipos de estudos:

1. Bacharelato: Son dous cursos organizados en catro modalidades (Ciencias, Ciencias Sociais e Humanidades, Artes, Xeral), e dan acceso aos estudos universitarios e a un ciclo superior de FP.
2. Formación Profesional: Son ciclos de 2 cursos cada un organizados en [26 familias profesionais](#). Son estudos que forman rapidamente para exercer unha profesión. Estes estudos poden ser de grao medio ou de grao superior.
3. Ensinanzas de artes plásticas e deseño: Son estudos específicos para formarte nesas especialidades artísticas.
4. Ensinanzas deportivas: Son ensinanzas dirixidas a formar adestradores/as en diferentes especialidades deportivas.
5. Ensinanzas de danza, música e arte dramática: Son ensinanzas específicas para dedicarte a esas profesións artísticas.

12. AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DE CURSO:

AVALIACIÓN:

Consiste en valorar se os alumnos/as acadan os obxectivos e as distintas competencias nas diferentes materias da ESO. Esta valoración (que se reflicte nas notas) realízase trimestralmente polos profesores do grupo, coordinados polo titor/a. Na avaliación final decidírase a cualificación definitiva. A valoración exprésase igual que en primaria, mediante estas cualificacións numéricas:

Sobresaliente: 9 ou 10

Notable: 7 ou 8

Ben: 6

Suficiente: 5

Insuficiente: 4, 3, 2, 1



PROMOCIÓN DE CURSO:

O alumnado promocionará de curso cando supere todas as materias cursadas ou teña avaliación negativa en 2 materias como máximo.

En caso de suspender 3 o equipo docente pode decidir se promocionas ou non se cumpres todas as seguintes condicións:

1. A media das materias nas que estás matriculado/a neste ano académico é igual ou superior a 5.
2. Que a suma dos períodos lectivos semanais das materias sen superar non sexa superior a 10 (non se teñen en conta no cómputo as horas de libre disposición).
3. O equipo docente considera que a promoción favorecerá a túa evolución académica.
4. O equipo docente considera que hai expectativas favorables de recuperación.
5. O equipo docente considera que as materias non superadas non che impiden seguir con éxito o curso seguinte.

No caso de levar materias pendentes, tes que ter en conta que as materias coa mesma denominación pero de diferentes cursos da ESO consideraranse como materias distintas. Por exemplo, se cursas 2º da ESO e suspendes a final de curso lingua castelá de 2º e tes tamén pendente a de 1º da ESO, serán consideradas como dúas materias diferentes.

Se promocionas sen superar todas as materias quedarás matriculado automaticamente das materias non superadas que adquiren o rango de **“materias pendentes”** para o seguinte curso e deberás seguir o programa de recuperación e reforzo que estableza o equipo docente. Olo e atentos ás datas e modalidade de recuperación!!!

REPETICIÓN DE CURSO:

Pódese repetir o mesmo curso unha soa vez e dúas veces como máximo en toda a educación obrigatoria (Educación Primaria e Secundaria).

Excepcionalmente, o alumnado pode repetir unha segunda vez 4º da ESO se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.

Quen non promocione deberá permanecer un ano máis no mesmo curso e seguir tamén un plan de reforzo.

13. TITULACIÓN:



Podes titular en ESO se estás no suposto seguinte:

- Superas todas as materias de ESO.
- E a media das materias nas que estás matriculado/a neste ano académico é igual ou superior a 5 e o equipo docente considera que adquiriches as competencias e alcanzaches os obxectivos da etapa.

Unha vez rematada a ESO recibirás o título de GRADUADO/A EN EDUCACIÓN SECUNDARIA.

Este título permite o acceso ós seguintes estudos:

- Bacharelato (2 cursos)
- Formación profesional de grao medio (2 cursos)
- Ensinanzas especiais: de artes plásticas e deseño e ensinanzas deportivas.

14. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:



Ao longo de cada curso da ESO o IES organiza diferentes medidas de atención á diversidade para implementar os distintos **protocolos educativos** da Consellería de Educación para o **alumnado NEAE** (TDAH, Dislexia, TEA, Discapacidade Cognitiva, Discalculia, Altas Capacidades, etc.) e tamén dispón de medidas como os Agrupamentos Flexibles ou os PDC para o alumnado que presenta **dificultades continuas de aprendizaxe que non sexan atribuíbles a falta de estudo e de esforzo**.

Estas medidas serán propostas sempre polo titor/a, equipo docente e baixo o asesoramento da orientadora. As medidas de atención á diversidade no IES ÁNHEL FOLE son as seguintes:

<ul style="list-style-type: none"> • EXENCIÓN DE FRANCÉS EN 1º E 2º DA ESO PARA O ALUMNADO CON DIFICULTADES NAS LINGUAS 	<ul style="list-style-type: none"> • REFORZO EDUCATIVO DO PROFESOR/A TITULAR DA MATERIA
<ul style="list-style-type: none"> • APLICACIÓN DE PROTOCOLOS EDUCATIVOS PARA O ALUMNADO TDAH/TEA/DISLEXIA/DISCAPACIDADE COGNITIVA/ALTAS CAPACIDADES 	<ul style="list-style-type: none"> • REFORZO DENTRO DA AULA POLAS MESTRAS DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA (PT)
<ul style="list-style-type: none"> • INCORPORACIÓN A UN AGRUPAMENTO FLEXIBLE EN MATEMÁTICAS/LG/LC 	<ul style="list-style-type: none"> • ADAPTACIÓNS CURRICULARES ALUMNADO NEE POR DESFASE CURRICULAR DE + DE 2 CURSOS
<ul style="list-style-type: none"> • INCORPORACIÓN A UN PDC (PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR EN 3º E 4º DA ESO) 	<ul style="list-style-type: none"> • DERIVACIÓN Á FPB EN 2º OU EN 3º DA ESO SE HAI DIFICULTADES CONTINUADAS PARA SACAR A ESO

15. DERIVACIÓN Á FPBÁSICA EN 2º DA ESO:



Se ves que se che está facendo difícil cursar a ESO e xa repetiches en Primaria ou en 1º da ESO e cursar 2º da ESO che resulta moi complicado, se tes 15 anos cando curses 2º ESO ou os vas cumprir antes de que remate o ano, podes preguntarlle á orientadora e ao teu titor/a que che deriven a unha FPBÁSICA para poder obter o título da ESO dunha maneira máis fácil e obter tamén un título de técnico básico en calquera das Básica que se ofertan en Lugo.

16. USO DA CAFETERÍA E DOS BAÑOS

Para ir ao servizo o alumnado utilizará os períodos de lecer, mais se hai unha urxencia durante os períodos lectivos, deberás pedir permiso ao profesorado que estea nese momento. Nos cambios de clase non se pode ir ao servizo sen autorización do profesorado da clase que vén a continuación.

Só se pode comer ou beber na cafetería e nos patios durante os períodos de lecer, polo que **non está permitido comprar e consumir fóra dese horario** e menos levar comida, bebida e/ou chuches ás clases.



17. SERVIZO DE TAQUILLAS NAS AULAS DE 1º DA ESO

No centro educativo dispoñemos do citado servizo, en réxime de aluguer. O prezo do uso da taquilla é de 1 € **por curso escolar**. O peche é fornecido polo propio alumnado coas chaves que lle serán dadas a principios de curso. Deixarase baleira antes do 30 de xuño. Nos primeiros días de clase daranse as instrucións de funcionamento das taquillas polo titor/a e que son as seguintes: só se pode ir á taquilla a coller e deixar material ao principio e final de cada clase e nos intercambios entre clase e clase, **NUNCA NO MEDIO DUNHA SESIÓN!!**



18. UTILIZACIÓN DOS TELÉFONOS MÓBILES POR PARTE DO ALUMNADO

Conforme á lexislación vixente (artigo 19.4 do DECRETO 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación), o uso do teléfono móbil está prohibido no recinto escolar, agás por razóns pedagóxicas, polo que é necesario diferenciar o bo uso fronte ao non permitido:

O uso inadecuado considérase conduta contraria á convivencia do centro, polo que poderanse poñer faltas de conduta como medida educativa correctora.

Para mensaxes urxentes ou importantes, as persoas responsables de alumnado poden chamar ao teléfono do centro e deixar o oportuno recado. No caso de que un rapaz ou rapaza se atope mal, sempre é o persoal do centro quen localiza ás persoas responsables. **Nunca se fará a través dos teléfonos móbiles do alumnado.**

19. ORIENTACIÓNS PARA TER ÉXITO NESTA ETAPA EDUCATIVA

A ESO é unha etapa que como todos os estudos ten a súa dificultade se non se organizan ben. Podedes ter en conta estas recomendacións que vos axudarán a ter éxito desde o comezo:



1º Utiliza a túa axenda: Mellor anotar todo (tarefas, datas, dúbidas, ...) nunha axenda que nunha simple libreta. A axenda deberá acompañarte sempre e debes ter a axenda dispoñible na mesa de clase e na mesa de estudo da túa casa.

2º Organiza o tempo de estudo na casa: Desde o primeiro día de clase elabora un horario de estudo, reserva tempo non só para facer os deberes senón tamén para repasar, adiantar traballos, lectura de libros. Ten en conta as outras actividades extraescolares que realizas para que o horario sexa realista. Este horario tamén debe ser flexible, debes revisalo todas as semanas e modifícalo se fai falta.

3º Estuda un pouco cada día: A dedicación diaria e tranquila aos estudos é a mellor medida para ter éxito. Repasa o que se deu na clase ese día. Todas as semanas convén adicarlle un par de sesións de estudo a cada materia. Unha sesión de estudo na casa poder durar 45 minutos, así que podes estudar unha ou dúas materias cada día. Recomendámosche como mínimo unha hora e medida cada día, cinco días á semana.

4º Atende na clase e leva os apuntes ao día: Aproveita o tempo na clase, estate atento/a ás explicacións do profesor/a, mantente activo/a, pregunta, pide axuda ao profesorado ou aos compañeiros/as. Cando estudes unha materia procura lembrar o que se explicou na clase.

5º Prepara os exames con antelación: En secundaria, normalmente e dependendo de cada materia, os exames soen concentrarse en dúas semanas que coinciden antes das vacacións (Nadal, Semana Santa e Verán), así que nesas dúas semanas podes ter máis dun exame nun mesmo día. Se o deixas para o final terás moita materia acumulada e non che dará tempo estudala. Estuda a diario como se tiveras un exame de cada materia cada semana.

6º Realiza un estudo activo: Estudiar pode resultar aburrido se te adicas soamente a ler ou memorizar. Aplica diferentes técnicas para manterte activo/a e concentrado/a.



1. Pre - Lectura ou lectura rápida.
2. Lectura lenta, comprensiva.
3. Subliñado.
4. Esquema.
5. Memorización do esquema.
6. Repasa, canto máis mellor...

Lembra este método!!

En Secundaria sempre hai tarefas para facer na casa, REvisa as tarefas pendentes en Edixgal!!

OLLO!!

FELIZ TRÁNSITO Á ESO!!

